

Ciberseguridade no cole! (VI Edición)

Bases de participación do Concurso



Setembro 2026

Índice

1. Organización.....	14
2. Finalidade do concurso.....	14
3. Ámbito territorial.....	14
4. Período do concurso e mecánica de participación	14
5. Requisitos de participación	15
6. Definición do concurso	16
7. Xurado	18
8. Premios e fiscalidade	18
9. Aceptación	19
10. Protección de datos de carácter persoal.....	20
11. Exclusión e restrición de responsabilidades	21
12. Xurisdición e lei aplicable	21

1. Organización

Telefónica de España S.A.U., con NIF A- 82018474 e con domicilio social en Gran Vía, 28, 28013, Madrid, (en diante a ORGANIZACIÓN ou TELEFÓNICA, indistintamente) organiza o concurso “CIBERSEGURIDADE NO COLE!” (en diante, o Concurso), na súa VI Edición, dirixido a centros educativos de Educación Primaria e/ou Secundaria de Galicia, dotado cos Premios descritos no epígrafe 8 e, que terá lugar do 14 de outubro ao 06 de novembro de 2026, segundo as fases do Concurso descritas no epígrafe 6.

2. Finalidade do concurso

O obxectivo do Concurso é fomentar a concienciación en materia de ciberseguridade no ámbito escolar e facilitar que o alumnado de quinto e sexto de Primaria, e de primeiro e segundo de Secundaria, adquira os coñecementos e as ferramentas necesarias para facer fronte aos riscos que entraña o uso dos medios dixitais. Así mesmo, o Concurso persegue crear un impacto positivo na sociedade contribuíndo a fomentar unha cultura de ciberseguridade entre os adolescentes e o traballo dunha forma colaborativa na súa fase final.

A simple participación no Concurso implica a aceptación das presentes Bases legais (en diante, as Bases) na súa totalidade, polo que a manifestación de non aceptalas ou as esixencias contrarias ao establecido nelas, implicará a exclusión do participante do presente Concurso e, como consecuencia diso, TELEFÓNICA quedará liberada do cumprimento de calquera obrigaón contraída con devandito participante en virtude deste.

3. Ámbito territorial

O ámbito territorial do Concurso é exclusivamente a Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Período do concurso e mecánica de participación

Para poder participar no Concurso, que constará de dúas fases (en liña e presencial) descritas posteriormente, os Centros Educativos de Educación Primaria e/ou Secundaria deberán inscribirse nun formulario vía web na seguinte ligazón: <https://bit.ly/CiberseguridadeNoCole2026>

O devandito formulario de rexistro estará habilitado dende as 12:00 horas do día 14

de setembro de 2026 ata as 14:00 horas do día 05 de outubro de 2026. Será requisito necesario rexistrarse utilizando un correo electrónico do propio centro escolar para validar a súa participación.

Os Centros Educativos participantes do Concurso, que se rexistrasen correctamente no formulario, serán informados o día 08 de outubro de 2026 vía correo electrónico cos detalles da súa participación e os requisitos técnicos (equipo informático con conexión a Internet) necesarios para a fase inicial en liña do concurso, que terá lugar o día 14 de outubro de 2026. Neste mesmo correo electrónico de confirmación, informarase a cada equipo do Nome co que terá que participar na sesión en liña. Devandito nome é de uso obrigatorio para a participación.

O día 16 de outubro de 2026 comunicaranse, vía correo electrónico aos Centros Educativos, os tres equipos finalistas de cada categoría (Primaria e Secundaria), os cales participarán dunha forma colaborativa na fase final presencial.

Os equipos finalistas poderán ser acompañados polo conxunto da súa clase á fase final presencial, onde poderán animar aos seus compañeiros. Así como o resto de colexios participantes tamén poderán acudir ao VI Encontro en calidade de público previa comunicación coa Organización por orde de inscrición ata completar aforo.

A fase final presencial do Concurso celebrarase o día 06 de novembro de 2026 durante o VI Encontro CIBER.gal.

5. Requisitos de participación

Poderán participar no Concurso centros educativos de Educación Primaria e/ou Secundaria radicados en Galicia, que serán representados por equipos de alumnado de quinto e/ou sexto de Primaria e/ou de primeiro e/ou segundo de Secundaria que cursen estudos nos devanditos centros.

Cada equipo estará composto por alumnado do mesmo centro escolar e un profesor/titor dos cursos de Educación Primaria ou Secundaria referenciados anteriormente, non existindo para a fase inicial un número máximo de integrantes destes aínda que, para a fase final descrita máis adiante, o número de integrantes por Centro Escolar estará limitado a dous alumnos e ao titor acompañante.

Para fomentar a participación, cada centro educativo poderá inscribir ao concurso a varias clases por categoría: Primaria e Secundaria. Estas teñen que ser debidamente identificadas co curso e letra no rexistro previo, para que a Organización poida asignar un Nome de Equipo inequívoco por cada clase participante (epígrafe 4).

6. Definición do concurso

A participación no Concurso terá lugar mediante un formato “Quiz Time” (exposición de preguntas a través dunha aplicación, web ou contorna similar, con diferentes respostas que poderán seleccionarse nun tempo determinado, existindo unha única opción válida).

A ORGANIZACIÓN determina que as categorías dos equipos dos Centros Educativos participantes son dúas:

- Primaria (cursos de quinto e sexto)
- Secundaria (cursos de primeiro e segundo)

O Concurso constará de dúas fases:

- Unha fase inicial de clasificación en liña dos participantes, que se celebrará o día 14 de outubro de 2026 en horario escolar.

Durante esta fase seleccionaranse os tres equipos clasificados de cada categoría coa maior cantidade de respostas correctas contestadas, tendo en conta os tempos de resposta no formato “Quiz Time” en caso de empate.

No caso de que nesta fase resulten clasificados máis dun equipo do mesmo centro escolar na mesma categoría, pasará á final presencial unicamente un equipo dese centro e categoría, coa finalidade de fomentar a repartición de premios o máximo posible entre os distintos centros participantes. Terase en conta para a súa elección a maior cantidade de respostas correctas contestadas, así como os tempos de resposta en caso de empate.

A ORGANIZACIÓN resérvase a posibilidade de realizar unha ou varias sesións do Concurso por cada categoría se por volume de participantes a operativa deste así o requirise.

Posteriormente, o día 16 de outubro de 2026 daranse a coñecer, vía correo electrónico aos Centros Educativos, os tres equipos clasificados para a fase final de cada categoría (Primaria e Secundaria).

Os Centros Educativos comprométense a participar nas sesións presenciais do VI Encontro CIBER.gal en caso de ser finalistas do concurso.

- Unha fase final presencial, na que os tres primeiros clasificados de cada categoría participarán no VI Encontro CIBER.gal organizado en Santiago de Compostela, na Cidade da Cultura, o día 06 de novembro do 2026 en horario matinal , onde se disputará a final do concurso.

A esta fase presencial do concurso acudirán un profesor ou titor, en calidade de acompañante, e dous alumnos por cada Centro Escolar clasificado. En cada unha das categorías, primaria e secundaria, formarase un ÚNICO EQUIPO de 6 participantes.

Cada equipo elixirá un capitán para contestar a cada unha das 6 preguntas plantexadas para resolver o #CiberReto, tendo que ser cada membro do equipo polo menos unha vez capitán.

Tódalas persoas do equipo deberán debater e acordar a resposta, pero será o capitán o único que contestará como portavoz do equipo cada unha delas.

A presentadora enunciará as preguntas que se proxectarán no escenario, e cada equipo terá un tempo limitado para debater as posibles respostas. Unha vez acordada a opción que consideren correcta, o capitán responderá en voz alta coa resposta consensuada, dando a presentadora unha breve explicación da opción correcta.

Incluirase un temporizador por pregunta para limitar o tempo de resposta.

Como axuda para resolver o reto, cada equipo dispoñerá de 2 comodines:

- Comodín do PÚBLICO (uso obrigatorio) – terán cartolinas de cores nos seus asentos para levantar.
- Comodín dos PROFESORES (uso voluntario)

O traballo colaborativo, será a base para alcanzar o éxito común en cada misión e lograr en equipo os premios establecidos (epígrafe 8).

Todos os colexios participantes no Concurso poderán asistir como público a esta fase presencial, así como ao resto de actividades do VI Encontro CIBER.gal. Deberán comunicalo á organización e será por rigorosa orde de inscrición, ata completar aforo.

A ORGANIZACIÓN non cubrirá os gastos de desprazamento e aloxamento dos finalistas do Concurso, con motivo da súa asistencia ao devandito evento e ao resto de actividades do VI Encontro CIBER.gal.

Así mesmo, a ORGANIZACIÓN resérvase o dereito de excluír do Concurso a calquera equipo no que se inclúan actitudes que:

- Difamen, abusen ou violen os dereitos legais dos demais participantes, en relación á publicidade e privacidade destes.
- Expoñan contidos difamatorios, obscenos, violentos ou ofensivos para terceiras persoas.
- Incorporen virus ou outros elementos físicos ou electrónicos que poidan danar ou impedir o normal funcionamento da Web.

7. Xurado

En caso de ser necesaria unha revisión dos resultados do Concurso, o Xurado estará formado por profesionais de TELEFÓNICA. As deliberacións do Xurado serán confidenciais, e o seu fallo irrevogable. Os finalistas e/ou os premios do Concurso poden declararse desertos se o Xurado estima que non se satisfíxeron os mínimos de calidade esixidos.

8. Premios e fiscalidade

Os premios máximos outorgados en cada unha das categorías, en función do nivel de resolución do #CiberReto na fase final do Concurso, son os seguintes:

- Premios para cada **Centro Educativo de Primaria** finalista:
 - Un (1) trofeo, dúas (2) medallas e un (1) diploma de Cibercampeóns, trinta (30) bidóns de auga, trinta (30) xogos de parchís, dous (2) iPad Apple 11ª xeración, un (1) ordenador portátil HP 250R G9 i3-1315U - 8GB - 512 SSD - 15,6" - W11Home, unha (1) tableta XIAOMI REDMI PAD SE, 4 GB+128 GB, 11" Full-HD, unha (1) funda Smart Folio para o iPad (A16), un (1) Apple Pencil, un (1) disco duro USB-C Mobile Drive Secure de LaCie de 4 TB con Rescue, vinte (20) mochilas de diferentes características, cinco (5) exemplares do libro YAIZA - As aventuras do Equipo Ciber 2, corenta (40) tarxetas Antivirus Panda e outros agasallos dos nosos colaboradores.

- O valor dos Premios de cada Centro Educativo de Primaria é de **4.618€** euros.

- Premios para cada **Centro Educativo de Secundaria** finalista:
 - Un (1) trofeo, dúas (2) medallas e un (1) diploma de Cibercampeóns, trinta (30) bidóns de auga, trinta (30) xogos de parchís, un (1) iPad Apple 11ª xeración, un (1) ordenador portátil HP 250R G9 i3-1315U - 8GB - 512 SSD - 15,6" - W11Home, unha (1) tableta XIAOMI REDMI PAD SE, 4 GB+128 GB, 11" Full-HD, unha (1) tableta SAMSUNG Galaxy Tab S9, 256 GB, gris, 11" WQXGA, 12 GB RAM, unha (1) funda Smart Folio para o iPad (A16), un (1) Apple Pencil, un (1) disco duro USB-C Mobile Drive Secure de LaCie de 4 TB con Rescue, vinte (20) mochilas de diferentes características, cinco (5) exemplares do libro YAIZA - As aventuras do Equipo Ciber 2, corenta (40) tarxetas Antivirus Panda e outros agasallos dos nosos colaboradores.

- O valor dos Premios de cada Centro Educativo de Secundaria é de **4.764€** euros.

- En consecuencia, o valor total dos Premios do concurso ascende á cantidade de **28.147€** euros.

En materia de Premios será de aplicación o seguinte:

- TELEFÓNICA resérvase o dereito para modificar os Premios ao seu só criterio por causas xustificadas, por outros de similares características.
- Os Premios obxecto do presente Concurso non poderán ser, en ningún caso, obxecto de cambio, alteración ou compensación a pedimento do premiado.
- Queda prohibida a comercialización ou venda dos Premios.
- Os gañadores serán responsables de cumprir coas obrigacións fiscais e contables que comporte a obtención do correspondente Premio.

9. Aceptación

Os integrantes dos equipos dos Centros Educativos que participen no Concurso, coa súa inscrición neste, e por medio da aceptación das presentes Bases, manifestan e

garántenlle á ORGANIZACIÓN contar coas debidas autorizacións do centro escolar ao que pertencen para a participación no Concurso.

Os Centros Escolares participantes e os seus equipos autorízanlle á ORGANIZACIÓN, con carácter non exclusivo e capacidade de cesión a terceiros, os dereitos de comunicación pública e distribución, en todas as súas modalidades, dos resultados do Concurso, con alcance territorial e polo máximo prazo de protección previsto pola lexislación vixente.

Naqueles casos nos que, no transcurso do Concurso, se presentase calquera reclamación contra algún dos participantes, a ORGANIZACIÓN ou o Xurado poderá descualificar o devandito equipo participante do Concurso. No caso de que o Concurso conclúise, a ORGANIZACIÓN resérvase o dereito de retirar o Premio que tal equipo participante obtivese, e a tomar, en consecuencia, cantas accións correctoras estime oportunas.

10. Protección de datos de carácter persoal

No que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal que poidan reputarse necesarios durante a organización e celebración do Concurso, a Organización comprométese ao estrito cumprimento da lexislación aplicable en materia de protección de datos, incluíndo o Regulamento (UE) 679/2016, do 27 de abril, do Parlamento e do Consello, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal e á libre circulación deses datos (“RXPDP”) así como a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais. Telefónica de España, S.A.U., con domicilio en Gran Vía nº 28, 28013, Madrid será a responsable do tratamento dos datos persoais que, no seu caso, sexan achegados polos participantes no Concurso e os tratará coa soa finalidade de permitir o adecuado desenvolvemento e organización do Concurso así como o outorgamento dos Premios correspondentes. A base que lexítima os citados tratamentos é a necesidade de garantir a correcta aplicación e cumprimento das presentes Bases.

Na medida en que se repute necesario para o cumprimento das finalidades antes enunciadas, os datos persoais achegados polos Participantes poderán ser compartidos coa Xunta de Galicia. En calquera caso, os datos serán conservados unicamente durante o tempo en que se repute necesario para o desenvolvemento do Concurso e durante o tempo en que poidan derivarse responsabilidades para a Organización polo desenvolvemento deste. Posteriormente, os datos serán eliminados.

Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión,

oposición, limitación do tratamento e portabilidade, na medida en que resulten de aplicación, mediante o envío dun correo electrónico, ao que deberá acompañarse copia dun documento acreditativo da identidade do solicitante, ao enderezo TE_Eventos_Norte@telefonica.com. Os interesados poderán contactar co delegado de protección de datos da Organización no enderezo de correo electrónico DPO_movistar@telefonica.com e, en calquera caso, poderán presentar reclamacións ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Os participantes do Concurso e, no seu caso, os seus representantes legais serán os únicos responsables da veracidade dos datos proporcionados.

11. Exclusión e restrición de responsabilidades

A ORGANIZACIÓN resérvase o dereito de retirar do Concurso a calquera participante ou equipo que non cumpra coas condicións establecidas nestas Bases e/ou que, de acordo coas disposicións legais aplicables, infrinja dereitos de terceiros ou calquera normativa de natureza civil, penal, administrativa ou de calquera outra natureza, ou que facilitase datos falsos, inexactos, incompletos ou obsoletos.

TELEFÓNICA ten a potestade de interpretación e cambio das presentes Bases.

TELEFÓNICA quedará exenta de responsabilidade nos seguintes supostos:

- Polos danos e perdas de toda natureza que poidan sufrir os participantes ou terceiros, derivada da súa participación no presente Concurso, pola recepción do Premio ou polo uso debido ou indevido deste.
- Polo non goce do Premio por causa imputable ao premiado.
- Pola perda, rotura ou destrución do Premio unha vez entregado ao premiado.
- Polas incidencias derivadas na execución do presente Concurso por causas de forza maior.
- Pola non celebración do VI Encontro CIBER.gal ou a modificación ou non realización de calquera das actividades que comprenden o Concurso.
- Polos fallos ou incidencias nas redes ou sistemas de telecomunicacións, que impidan acceder ou operar na páxina web, aplicación ou contorna similar do Concurso con normalidade.

12. Xurisdición e lei aplicable

Para a resolución de calquera controversia ou discrepancia que puidese xurdir en

canto á interpretación ou aplicación das presentes Bases, tanto a ORGANIZACIÓN como os participantes no Concurso sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais de Madrid capital, con renuncia expresa ao foro que lles puidese corresponder.

A participación neste Concurso implica a aceptación total e plena das presentes Bases e condicións legais expostas nelas.

A lei aplicable ao presente Concurso será a española.